



## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA PRESENTA MANCOMUN.ORG, A INICIATIVA GALEGA POLO SOFTWARE LIBRE**

- **A nova web ofrece ferramentas informáticas en lingua galega que se achegan de balde aos cidadáns e dispón dun observatorio de software libre**
- **Mancomun.org constitúese en espazo aberto e punto de encontro das diferentes iniciativas galegas no eido do software libre**
- **A Iniciativa Galega polo Software Libre, promovida pola Consellaría de Innovación e Industria, contribuirá a achegar a sociedade da información á sociedade galega e potenciar o uso de aplicacións informáticas na nosa lingua**

**Santiago de Compostela, 10 de maio de 2006.** O software libre conta por primeira vez en Galiza cun portal de referencia na Administración no que conflúen as diferentes iniciativas galegas existentes neste eido ata o de agora. Trátase de mancomun.org, a Iniciativa Galega polo Software Libre que promove a Consellaría de Innovación e Industria e que dende hoxe será punto de encontro de empresas, administracións e comunidade de usuarios que teñan proxectos de software libre, ben sexan de desenvolvemento, de difusión, de formación ou só de implantación. A iniciativa baséase nun modelo de traballo en colaboración, compartido, aberto, estandarizado, público, transparente e de calidade.

Mancomun.org nace do compromiso da Consellaría de Innovación e Industria, dirixida por Fernando Blanco, de dinamizar de xeito efectivo as tecnoloxías libres en Galiza. Este departamento da Xunta é consciente das importantes vantaxes sociais e económicas que o emprego do software libre nos diferentes ámbitos pode achegar á sociedade galega, xa que constitúe unha ferramenta axeitada para avanzar na diminución da fenda dixital e, ademais, un poderoso instrumento a favor da lingua galega. Pódense beneficiar deste software tanto os cidadáns e cidadás coma Administración e empresas.

### **Observatorio do software libre**

O portal mancomun.org incorpora un observatorio específico sobre software libre e un estudo da súa situación en Galiza, proxectos ambos postos en marcha coa colaboración do CESGA e das universidades galegas. Este observatorio, que examinará a evolución técnica e económica do software libre, conta cun espazo de vixilancia tecnolóxica permanente e outro para a análise das políticas e iniciativas vencelladas ás ferramentas informáticas de libre acceso.

Pola súa banda, o estudo sobre o nivel de implantación de software libre en Galiza irase actualizando, o que permitirá coñecer a situación de partida e a evolución, avaliar a efectividade das medidas adoptadas e axudar con información rigorosa ás empresas que realicen planos de negocio.

### **Programas de libre acceso**



O portal promovido pola Consellaría de Innovación e Industria conta cunha sección, A Forxa, dende a cal todos os cidadáns poderán acceder, de maneira gratuíta, a programas informáticos de libre acceso, aplicacións en todos os casos realizadas ou traducidas ao galego. A Consellaría quere, desta maneira, facer efectivas as vantaxes que as tecnoloxías libres ofrecen no eido da normalización da nosa lingua e é esta a idea que dende o departamento dirixido por Fernando Blanco se destaca de cara ao 17 de maio, día no que coincide a celebración do Día das Letras, do Día de Internet e o Día Mundial das Telecomunicacións e da Sociedade da Información.

Mancomun.org ofrecerá soporte técnico aos proxectos e continuidade das novas versións das distintas aplicacións informáticas que se acheguen. O emprego de programas de libre acceso supón unha grande oportunidade para a sociedade en xeral, pero facilitará especialmente o desenvolvemento das empresas do sector, ben sexan de consultoría, de desenvolvemento ou de soporte técnico.

O novo portal ofrecerá tamén axendas de eventos, directorios de contactos e recursos e outras utilidades para favorecer a difusión e o coñecemento do software libre en Galiza.

### **Software libre en Galiza**

A Iniciativa Galega polo Software Libre contribuirá a definir a folia de ruta das iniciativas do Goberno galego para a promoción e creación deste software no noso país. Así, formará parte do Plano Estratéxico Galego para a Sociedade da Información, da Consellaría de Innovación e Industria, que está en proceso de tramitación e se concluirá a finais de 2006. Esta iniciativa, como medida de carácter horizontal, contará necesariamente coa implicación das empresas do sector TIC, das universidades, grupos de usuarios de software libre, administracións e movemento asociativo. Realizará un traballo de dinamización, difusión e colaboración, formación e achega de soporte técnico, necesario para estender o uso do software libre e, en xeral, para achegar a sociedade da información e do coñecemento á sociedade galega.

Segundo a análise da situación actual do software libre dispoñible en mancomun.org, a porcentaxe do uso deste software en Galiza é baixo, aínda que existe moita expectación ao respecto. Tan só se supera a barreira do 50% de uso no conxunto das empresas TIC, aínda que o nivel de satisfacción polo emprego do software libre é alto tanto nos ámbitos empresariais coma da administración. Por outra banda, o descoñecemento sobre os aspectos máis básicos do software libre é enorme en calquera dos ámbitos consultados e o uso do galego nas aplicacións informáticas é minoritario. Asemade, non existe formación en software libre nos módulos profesionais, polo que o coñecemento destas ferramentas na empresa é precario.

**SAÚDOS,**  
**GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**